

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Alberto Pazos Couñago**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-000103 (1116)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa **cooperación galega ao desenvolvemento**.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar un crecemento anual, progresivo e previsible da axuda oficial ao desenvolvemento galega. Este crecemento terá sempre como horizonte o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo.
2. Asegurar a previsibilidade e continuidade das distintas liñas de convocatorias públicas en concorrencia competitiva previstas no III Plan Director da cooperación Galega e dirixidas aos distintos axentes de cooperación.
3. Establecer compromisos orzamentarios plurianuais asegurando índices de execución orzamentarios de polo menos o 90%”.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/01/2017 16:27:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2017 16:27:34**

## **Á Mesa da Comisión 1ª**

Advertido un erro material na emenda presentada á PNC 1116 do Grupo Parlamentario de En Marea, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, solicita a esa Mesa se proceda a realizar a seguinte corrección de erros ao documento con número de rexistro 3564:

No punto 1 da emenda de substitución:

- Onde di “Impulsar un crecemento anual, progresivo e previsible da axuda oficial ao desenvolvemento galega. Este crecemento terá sempre como horizonte o 0,7 do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo”

- Debe dicir: “Impulsar un crecemento anual, progresivo e previsible da axuda oficial ao desenvolvemento galega. Este crecemento terá sempre como horizonte o 0,7 do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo equivalente á dotación do programa 331A: Cooperación Exterior e ao Desenvolvemento dos orzamentos da Xunta para 2017. O incremento anual do orzamento de cooperación será como mínimo o dobre do incremento do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/01/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 3645**  
Data envío: 17/01/2017 20:24:16.526

**Pedro Puy Fraga na data 17/01/2017 20:22:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa da deputada **Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNC-000136 (1368)** sobre a creación dun novo **xulgado do social** no partido xudicial de **Lugo** e, namentres, o nomeamento dun ou dunha xuíz de reforzo.

### Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. Que demande do goberno central a creación dun novo xulgado do social en Lugo cando, a criterio da Comisión Mixta entre o Tribunal Superior e a Xunta de Galicia, existan as condicións obxectivas de necesidade para a dita creación.
2. Que solicite ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o nomeamento dun/ha maxistrado/a de reforzo para os xulgados do social na provincia de Lugo”.

Santiago de Compostela, 17 de Xaneiro 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/01/2017 16:29:24**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/01/2017 16:29:43**

Grupo Parlamentario

## Á Mesa da Comisión 1ª

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha nova orde de axudas para o ano 2017 que colabore co labor que está realizando o asociacionismo veciñal en Galicia (doc. núm. 820).

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que convoque durante o primeiro cuadrimestre de 2017 unha nova orde de axudas para investimentos e actividades, en concorrencia competitiva, que colabore co importante labor que se está a realizar polo asociacionismo veciñal en Galicia.”

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 17:21:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 17:21:34**

Grupo Parlamentario

## Á Mesa da Comisión 1ª

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á elaboración dos distintos modelos de pregos de contratos públicos que incorporen as innovacións contidas na normativa galega, así como as guías que a desenvolveron e as novidades que incorpore a lexislación básica (doc. núm. 2592).

### Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa que terá o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a completar e publicar durante o primeiro cuadrimestre de 2017 os distintos modelos de pregos de contratos públicos, que deberán incorporar todas as innovacións contidas tanto na normativa galega e nas guías que a desenvolven como as novidades que incorpore a lexislación básica, coa necesaria revisión e actualización anual.”

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2017 17:22:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 17:24:18**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNC-000255 (2454)**, sobre a demanda do goberno galego ao goberno español respecto das discriminacións das persoas con discapacidades que desexan contraer matrimonio.

### **Emenda de substitución:**

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“Instar ao Goberno central a que mellore a redacción do art. 56 do Código Civil tendo en conta as demandas das asociacións de persoas con discapacidade e que evite discriminacións”.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/01/2017 18:34:16**